Lección 16

# Máis libros, máis libres

# A literatura galega II



## A acentuación diacrítica

| O til diacrítico | Emprégase para distinguir palabras que se escriben igual, pero que na vogal tónica teñen diferente grao de apertura ou porque unha palabra é tónica e a outra átona. Se o contexto non nos axuda a distinguilas, poñémoslles til, sempre á que ten vogal aberta ou á que é tónica. | |
|---|---|---|
| | á (a prep. + a artigo) | a (artigo; pron.; prep.) |
| | bóla ('esfera') | bola ('peza de pan') |
| | cá (ca + a) | ca (conx.) |
| | có (ca + o) | co (con + o) |
| | cómpre ('é mester') | compre ('merque') |
| | dá (pres. e imp. de dar) | da (de + a) |
| | dó ('compaixón') | do (de + o) |
| | é (pres. de ser) | e (conx.) |
| | fóra (adv.) | fora (antepret. ser/ir) |
| | má ('ruín') | ma (me + a) |
| | máis (adv. e pron..) | mais (conx.) |
| | nó (subst.) | no (en + o) |
| | nós (pron. tónico; pl. de nó) | nos (en + os; pron. átono) |
| | ó (a + o) | o (artigo; pron.) |
| | óso (do corpo) | oso (animal) |
| | pé (parte do corpo) | pe (letra) |
| | pór (poñer) | por (prep.) |
| | présa (apuro) | presa (prendida; presada) |
| | sé (sede eclesiástica; imp. de ser) | se (conx.; pron.) |
| | só (adv. e adx.) | so (prep.) |
| | té (infusión) | te (pron.; letra) |
| | vén (pres. de vir) | ven (pres. de ver; imp. de vir) |
| | vés (pres. de vir) | ves (pres. de ver) |
| | vós (pron. tónico) | vos (pron. átono) |

## Os numerais ordinais

Indican a orde nunha serie:

| | | |
|---|---|---|
| Primeiro/a<br>Segundo/a<br>Terceiro/a<br>Cuarto/a<br>Quinto/a<br>Sexto/a<br>Sétimo/a<br>Oitavo/a<br>Noveno/a<br>Décimo/a<br>Undécimo/a ou<br>décimo primeiro/a | Duodécimo/a ou<br>décimo segundo/a<br>Décimo terceiro/a<br>Décimo cuarto/a<br>Décimo quinto/a<br>Décimo sexto/a<br>Décimo sétimo/a<br>Décimo oitavo/a<br>Décimo noveno/a<br>Vixésimo/a<br>Vixésimo primeiro/a<br>Vixésimo segundo/a | Trixésimo/a<br>Cuadraxésimo/a<br>Quincuaxésimo/a<br>Sesaxésimo/a<br>Septuaxésimo/a<br>Octoxésimo/a<br>Nonaxésimo/a<br>Centésimo/a<br>Milésimo/a<br>Millonésimo/a |

Todos admiten forma feminina e plural: *foi a primeira, foron as primeiras.*

Nas formas compostas só muda o último elemento: *quedou en décimo novena posición, foron as décimo terceiras.*

Os postos 11 e 12 admiten dobre forma: *undécimo ou décimo primeiro, duodécimo ou décimo segundo.*

- A obra que publicou é a cuarta da serie de medo.
- Vive no piso duodécimo / décimo segundo.
- Debe ser a nonaxésima vez que me pregunta por iso.

## Ligazóns de interese

- Biblioteca Galiciana
- Asociación de escritoras e escritores en lingua galega
- Breve historia da literatura galega
- Día das Letras Galegas
- Biblioteca Virtual Galega
- Asociación de Editoras Galegas
- Criticalia. Blog de Armando Requeixo
- Escritoras galegas

## Notas da sesión